

O TEXTO ARGUMENTATIVO



O TEXTO ARGUMENTATIVO

En todo texto argumentativo atopamos unha **tese**, a idea que se quere defender ou rebater, e uns **argumentos**, razoamentos que serven para convencer o receptor de que a tese é certa.



ESTRUTURA

A estrutura máis común neste tipo de textos é a que inclúe as seguintes partes:

Presentación: Anúnciase o tema que se vai desenvolver. Un dos xeitos máis habituais é facer referencia a algunha cuestión de actualidade relacionada con el.

Exposición: Aquí xa se adianta, de xeito máis ou menos explícito, a tese que se vai defender no texto.


Argumentación: É o conxunto de ideas e razoamentos que se utilizan para demostrar ou xustificar a postura do autor ou autora sobre a tese.

Conclusión: Sintetízase a tese defendida e poden expoñerse as consecuencias que se deducen dela.



CARACTERÍSTICAS

- O **vocabulario** utilizado tende a ser **sinxelo**, para facilitar a comprensión do texto.
- Predomina a modalidade oracional **enunciativa**.
- A linguaxe é **subxectiva**: o significado connotativo das palabras ten moita importancia.
- Hai un abundante uso de **expresións impersoais** en 3ª persoa verbal.
- Utilízanse verbos como "**crer**", "**opinar**", "**pensar**".
- Abundan as oracións **subordinadas causais e consecutivas**, con importante uso deste tipo de marcadores textuais.
- Prodúcese frecuentemente **intertextualidade**: referencias a outros textos que apoian os argumentos.



CONSELLOS

Para redactarmos un texto argumentativo eficaz debemos respectar estes criterios:

- Presentar as ideas de modo **ordenado** e **claro**.
- Partir de **premisas evidentes** que non precisen xustificación.
- Apoiarse en **datos fiables** e reais.
- Apoiar os argumentos con **citas, enumeracións e exemplos**.
- Prever as posibles **obxeccións** que poidan xurdir por parte do receptor.



TIPOS DE ARGUMENTOS

1

- Os **argumentos racionais** son aquelas ideas aceptadas pola inmensa maioría da xente por moral, principios, tradición...: *Evitar os accidentes de tráfico beneficia á sociedade.*

2

- Os **argumentos de autoridade** sérvense do testemuño de alguén considerado coñecedor do tema: *Unha importante porcentaxe das vítimas que sobreviviron a graves accidentes coincide ao sinalar a posibilidade de evitalos se circulasen a menor velocidade.*

3

- Os **argumentos de feito** ofrecen probas reais dos acontecementos: *Un estudo recente revela que se produce un 70% máis de accidentes cando as condicións climatolóxicas son desfavorábeis.*

TIPOS DE ARGUMENTOS

4

- Nos **argumentos de exemplo** un caso concreto serve como exemplo a favor das ideas que se pretenden defender: *No accidente acontecido o mes pasado, se a estrada non estivese mollada e se mantivese a distancia de seguridade, podería evitarse o impacto.*

5

- Os **argumentos de expresións persoais** apoian a tese con experiencias ou testemuños propios:
Eu mesmo me teño visto envolto nese tipo de accidentes.

6

- Nos **argumentos de analoxía** compáranse dúas situacións próximas ou semellantes: *No mes de agosto deste ano producíronse 27 accidentes menos que o ano pasado.*

TIPOS DE ARGUMENTOS

7

- Os **argumentos legais** son aqueles que se serven do disposto pola lexislación: *Segundo a normativa vixente é obrigado o uso do cinto de seguridade en todos os asentos.*

8

- Os **argumentos persuasivos** diríxense aos sentimentos do destinatario: *Que faría se ve un accidente no que ninguén está socorrendo as vítimas? Que lle gustaría que fixesen se a vítima fose vostede?*